

Sra. Secretaria Xeral Técnica da
Consellería do Mar
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781, Santiago de Compostela

Reclamante:XXX
Expediente. Nº RSCTG 29/2024

Correo electrónico: XXX

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por D. XXX mediante escrito do 12 de Febreiro de 2024, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 30 de Abril de 2024, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 12 de Febreiro de 2024, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso presentada ante a Consellería do Mar de acceso aos documentos POLREP, Aviso de Incidencia e documento de Reporte de Notificación cos que se iniciou a activación do Plan Camgal.

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 15 de Febreiro de 2024 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería do Mar para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola Administración foi o 20 de febreiro de 2024

Terceiro. Con data do 19 de abril de 2024, a Consellería do Mar, remite informe e copia do expediente solicitado.

Neste informe, indica que con data do 18 de abril de 2024, remitiulle contestación ao solicitante na que se lle resolve conceder acceso parcial á información solicitada.

Na resolución indicase que a existencia o día 3 de xaneiro de 2024, de constancia vía 112 da chegada de pellets plásticos á praia de Muros, unido a la magnitude dese verquido, os antecedentes dos avisos de Ribeira e Porto do Son e a información que se comeza a dispoñer nese momento determinaron que a Subdirección do Servizo de Gardacostas de Galicia, como dirección do Plan CAMGAL, decida a súa activación en nivel de alerta, do que se lle remite ao solicitante o documento de activación.

Con data do 5 de xaneiro de 2024, de acordo cos correos enviados por SASEMAR a Gardacostas, e a confirmación de que os pellets proviñan do buque Toconao, que perdeu parte da súa carga o 8 de decembro, así como o aumento de incidencias notificadas ao 112, acordouse activar o Plan CAMGAL en fase de emerxencia situación 1.

Respecto dos documentos POLREP (mais de 700), indica a resolución que son formularios estandarizados para a recollida de información sobre a contaminación observada en zonas puntuais, e que por si solos carecen de relevancia administrativa, xa que precisan unha análise e interpretación posterior polo persoal técnico especializado na loita contra a contaminación, polo que se denega o acceso aos mesmos por tratarse de documentación auxiliar que manexa o Centro de Coordinación Operativa na priorización das respostas ante as continxencias de contaminación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 23 da Lei 1/2016, do 13 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión

da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 23.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 137 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 137 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo que dun mes que establece a Lei, senón que resolveu con data do 18 de abril de 2024. unha vez que o interesado tiña presentada reclamación ante esta Comisión, polo que polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou acceso aos documentos POLREP, Aviso de Incidencia e documento de Reporte de Notificación cos que se iniciou a activación do Plan Camgal.

A Consellería, se ben non resolveu en prazo a solicitude de acceso á información, ditou resolución expresa que notificou ao interesado con posterioridade a que este presentara reclamación ante esta Comisión, facilitándoselle o acceso á información.

De acordo co anterior, procede estimar por motivos formais a presente reclamación, sen prexuízo de que si o reclamante estímao conveniente, poida presentar reclamación ante esta Comisión fronte á dita resolución expresa, para que na tramitación da mesma poidan ser analizados os seus argumentos, pronunciándose a resolución que corresponda.

En base aos feitos e fundamentos xurídicos anteriormente expresados,

ACORDA

Único: Estimar por motivos formais, a reclamación presentada por XXX con data do 12 de Febreiro de 2024, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso presentada ante a Consellería do Mar de acceso aos documentos POLREP, Aviso de Incidencia e documento de Reporte de Notificación cos que se iniciou a activación do Plan Camgal.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/19937, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.